

Servizo de Educación

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIA ECONÓMICA
CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS
DESPLAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE
COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"
Expediente 97507-332

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", que o Concello oferta para cada curso lectivo escolar, e que consiste, principalmente, nas viaxes de ida e volta para a realización de distintos itinerarios e visitas didácticas de escolares dos centros de ensino radicados na cidade de Vigo e adheridos ao programa municipal. Para desenvolvelo é necesario contratar o transporte gratuito do alumnado participante, e a coordinación do operativo de loxística organizativa cos centros de ensino participantes e o Concello.

O Concello de Vigo mediante a participación activa do alumnado nas visitas didácticas á cidade de Vigo que preferentemente estarán relacionadas coa variada oferta educativa municipal, promove que os escolares aumenten o seu sentimento de pertenza e implicación coa cidade onde viven e residen.

Todas as actividades a levar a cabo no marco deste programa municipal de coñecemento da cidade serán descritas no Prego de Prescricións Técnicas, e comprenden a execución de diversos servizos de carácter complementario para a prestación das tarefas obxecto do contrato

O presente contrato non será obxecto de división en lotes, existindo motivos válidos que xustifican a non división, unificándose nun único contrato a totalidade das prestacións.

A estimación da data de inicio do contrato administrativo prevése a partires do 01 de Novembro de 2024, para unha duración dun máximo de catro anos, e a posibilidade dunha única prórroga, por un periodo máximo de duración de 8 meses e en todo caso ata o 30 de xuño de 2029.

2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP).

O prezo do contrato de conformidade co artigo 102 da LCSP é un prezo certo que se abonará ao contratista en función da prestación realmente executada, é dicir, abonarase en función da prestación mensual de desprazamentos de escolares realmente executada.

2.a) Prezo e orzamento base de licitación.

O prezo anual do contrato ascende á cantidade de 81.817,50 euros, máis o 10% de IVE, que ascende á cantidade de 8.812,50 euros, o que fai un total anual de 90.000,00 euros, para o desenvolvemento anual de 750 desprazamentos de escolares (ou número superior que resulte da oferta do adjudicatario) no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", tendo en conta os prezos de mercado dos que ten coñecemento este servizo xestor en base a contratos anteriores, que se empregan para calcular o custo das prestacións que integran o servizo obxecto do contrato.

O prezo do contrato se fixa tomando como referencia o custo/deprazamento escolar que se recollerá na proposta económica do licitador, tendo en conta que a estimación do custe unitario por desprazamento escolar ascende a un total de 120,00.-€ para cada edición do programa educativo "VIGO EDUCA", polo que o prezo anual do contrato para unha previsión de 750 desprazamentos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 1 de 5
97507-332	CSV: A1AH51-3ABFB3-5F45C8-PQ483X-55S2FA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

escolares por edición (para o cal se toma como referencia os antecedentes de edicións anteriores cun promedio de 5 desprazamentos por 150 días útiles por curso a efectos de programa) é dun máximo de **90.000,00 euros/edición (un total máximo de 360.000,00.-€ para os catro anos previstos de contrato)**, segundo se indica no estudo económico que atendendo ao contido e orientacións que veñen recollidas no “Observatorio do custe de transporte de viaxeiros en autocar nº 39 actualizado a 01/01/2024) e balances das edicións anteriores, se achega nos seguintes cadros descompostos.

Estimación custos por viaxe e/ou desprazamento escolar e ano do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” tendo en conta o contido e orientacións que veñen recollidas no “Observatorio do custe de transporte de viaxeiros en autocar” nº 39 actualizado a 01 de xaneiro de 2024 que realiza o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Goberno de España

Descrición	Custo estimado €.-/desprazamento
O “Observatorio de custes do transporte de viaxeiros en autocar” nº 39 do 01 de xaneiro 2024, que realiza o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Goberno de España orienta sobre a contía e evolución dos custes de explotación de transportes de viaxeiros, tendo en conta distintos conceptos na súa metodoloxía de cálculo de custes, tales como: Amortización, financiamento, persoal de a bordo, dietas de persoal de a bordo, seguros do vehículo, custes fiscais, combustible, neumáticos, reparacións e conservación, custes indirectos. Para un autocar estándar de 39 a 55 prazas establece de media nacional un custe unitario por hora de pouco máis de 60,00.-€, polo que facendo unha estimación de 60,00.-€ X 2 hs aprox. de duración das viaxes escolares (ida, volta, tempo de agarda, tempo de dispoñibilidade)=120,00.-€/viaxe ou desprazamento escolar con IVE incluído	120,00.-€

DESCRICIÓN	PREZO/DESPRAZAMENTO UNITARIO	IVE (10%)	TOTAL (€) PREZO X DESPRAZAMENTO
Viaxes I-V escolares no término municipal de Vigo	109,09.-€	10,91.-€	120,00.-€

DESCRICIÓN	UNIDADES	TOTAL ANUAL PREZO X DESPRAZAMENTO	IVE (10%)	TOTAL (€) ANUAL
Nº viaxes I-V escolares anuais previstos (150 días lectivos x 5 viaxes/día)	750 viaxes/ano	81.817,50.-€	8.182,50.-€	90.000,00.-€

DESGLOSE ECONÓMICO	ORZAMENTO (€)	IVE (10%)	TOTAL (€)
EXERCICIO ANO 2024 01/11/24 - 31/12/24	30 días x 5 viaxes/día = 150 x 109,09.-€ = 16.363,5.-€	1.636,5.-€	18.000,00.-€
EXERCICIO ANO 2025 01/01/25 - 31/10/25	120 días x 5 viaxes/día = 600 x 109,09.-€ = 65.454,00.-€	6.546,00.-€	72.000,00.-€
01/11/25 - 31/12/25	30 días x 5 viaxes/día = 150 x 109,09.-€ = 16.363,5.-€	1.636,5.-€	18.000,00.-€
EXERCICIO ANO 2026 01/01/26 - 31/10/26	120 días x 5 viaxes/día = 600 x 109,09.-€ = 65.454,00.-€	6.546,00.-€	72.000,00.-€
01/11/26 - 31/12/26	30 días x 5 viaxes/día = 150 x 109,09.-€ = 16.363,5.-€	1.636,5.-€	18.000,00.-€
EXERCICIO ANO 2027 01/01/27 - 31/10/27	120 días x 5 viaxes/día = 600 x 109,09.-€ = 65.454,00.-€	6.546,00.-€	72.000,00.-€
01/11/27 - 31/12/27	30 días x 5 viaxes/día = 150 x 109,09.-€ = 16.363,5.-€	1.636,5.-€	18.000,00.-€



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 2 de 5
97507-332	CSV: A1AH51-3ABFB3-5F45C8-PQ483X-55S2FA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de Educación

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



EXERCICIO ANO 2028			
01/01/28 - 31/10/28	120 días x 5 viaxes/día = 600 x 109,09.-€ = 65.454,00.-€	6.546,00.-€	72.000,00.-€
CUSTE TOTAL PREVISTO PARA OS CATRO ANOS DE CONTRATO (Novembro 2024 – Outubro 2028)	327.270,00.-€	32.730,00.-€	360.000,00.-€

Así o importe do **orzamento base de licitación** estímase en **90.000,00.-€ x 4 anos = 360.000,00.-€** IVE incluído, sendo a parte correspondente ao IVE (10%) **32.730,00.-€**

2.b) Valor estimado.

De conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato estipúlase en **409.087,50 euros** calculado tendo en conta a posible prórroga.

Método de cálculo:

	IVE EXENTO
Importe contrato	327.270,00.-€
Importe modificación 0%	-
Importe máximo 1 prórroga	81.817,50.-€
Valor estimado	409.087,50.-€

2.c) Anualidades

Distribución orzamentaria anualidades	Prezos con IVE
2024 (2 mensualidades)	18.000,00.-€
2025 (10 mensualidades)	90.000,00.-€
2026 (10 mensualidades)	90.000,00.-€
2027 (10 mensualidades)	90.000,00.-€
2028 (8 mensualidades)	72.000,00.-€

3.- REVISIÓN DE PREZOS

Tendo en conta as características do obxecto do contrato, non se establece revisión de prezos.

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo 2024 e seguintes exercicios de duración do contrato **na aplicación orzamentaria 3230.227.99.11 do Programa Educativo Vigo Educa e bolsa de vinculación**, cumprindo a condición de crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación.

A distribución orzamentaria das anualidades será conforme se recolle no apartado 2.c) desta Memoria Económica, podendo ser modificada en función da data de formalización do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 3 de 5
97507-332	CSV: A1AH51-3ABFB3-5F45C8-PQ483X-55S2FA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O gasto das diferentes anualidades imputarase aos exercicios orzamentarios indicados, polo que queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, aplicándose o establecido no artigo 117.2 e Disposición Adicional Terceira da LCSP. Por tratarse dun servizo de carácter plurianual e de conformidade co disposto no artigo 174 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e artigos 79 e ss. do Real Decreto 500/90, os gastos imputaranse a cada un dos exercicios orzamentarios aos que se estenda a duración do contrato.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento do Concello polo que non afectará á sostibilidade das contas.

O gasto proposto, establécese en consonancia co principio de sostibilidade financeira, de acordo co cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos e orzamento do Concello dentro do seu programa orzamentario. En consecuencia, o gasto non supoñerá ningún desequilibrio orzamentario; o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que ten a consideración de execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

O presente contrato está recollido dentro do plan anual de contratación.

5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP).

O prezo do contrato de conformidade co artigo 102 da LCSP é un prezo certo que se abonará ao contratista en función da prestación realmente executada, é dicir, aboarse mensualmente en función do número final de desprazamentos de escolares que efectivamente se teñen desenvolvidos a mes vencido no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA".

O pagamento realizarase mensualmente previa presentación de factura pola adxudicataria do contrato, indicando a descrición concreta do servizo e detallando as unidades de transporte desenvolvidas e o seu prezo, e será conformada polo responsable do contrato unha vez comprobada a veracidade dos servizos prestados.

Facturarase en 10 mensualidades anuais, correspondentes cos meses lectivos escolares, é dicir de setembro-xuño.

Seguirase o mesmo criterio de facturación no segundo, terceiro e cuarto ano de contrato e na posible prórroga prevista no prego.

O prezo do desprazamento comprende a recollida dos escolares nos centros educativos e a volta dos escolares ate o centro educativo dende os distintos centros de interese didáctico visitados na cidade de Vigo.

Cando por causas imprevistas o adxudicatario non realice o desprazamento escolar completo (ida e volta ao centro educativo), facturará a metade do prezo fixado.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000650 EDUCACIÓN

OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN

ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

Vigo, na data da sinatura electrónica

O técnico do Servizo de Educación.- Pedro Mª Vázquez Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 4 de 5
97507-332	CSV: A1AH51-3ABFB3-5F45C8-PQ483X-55S2FA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de Educación

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



CONFORME

A xefa do Servizo de Educación.- María José Loureiro Bada

A concelleira delegada de Educación.- María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.- Elena Espinosa Mangana

O concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.- Jaime Aneiros Pereira

